

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip Juan Rey

CURSO: 5º

MATERIA: lingua castellana y literatura

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR</b>	
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais.	LCB1.1.2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias.	LCB1.2.3. Interpreta de forma global o sentido de elementos básicos do texto (léxico e locucións).
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.	LCB1.3.1. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituindo elementos básicos do modelo dado.
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
	LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas.
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade	LCB1.5.1. Comprende a de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais
	LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).
	LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión interpretativa.
B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.	LCB1.9.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet.
	LCB1.9.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas de interese, seguindo modelos.
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</b>	
B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
B2.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	LCB2.7.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>	

B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
	LCB3.1.3. Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero.
	LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do área.	LCB3.5.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais, revistas etc.)
	LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis... facendo ilustracións e buscando imaxes dixitais para facilita a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
<b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b>	
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras.
	LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos ao producir textos orais e escritos.
	LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita.
	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
	LCB4.2.5. Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado.
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>	
B5.2. Integrar a lectura expresiva, a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos básicos da linguaxe literaria e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.	LCB5.2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
	LCB5.2.2. Interpreta a linguaxe figurada, en textos literarios.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1. Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados
B5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal	LCB5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Para avaliar empregaremos as producións do alumnado.
	<b>Instrumentos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Kahoot, quizziz, xogos de geneally...</li><li>- Formularios de Google</li><li>- Produción do alumnado</li><li>- Vídeos e audios de Whatsapp</li><li>- Videoconferencias</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	A cualificación final do curso será a media das dúas primeiras avaliaciós, podendo subir o alumnado ata un máximo de 2 puntos se se considera que o seu rendemento, traballo e coñecemento sobre os contidos permite dita subida.

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	A área de lingua castellana y literatura trabállanse 4 veces a semana, nela traballamos desde lecturas, ortografía, gramática, expresión escrita. vocabulario e ditados. Para iso empregamos audios grabado en Google drive, documentos de drive, xogos interactivos...
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Alumnado con conectividade: Dos 15 alumnos conéctanse con regularidade ao webex 10, os outro 5 son alumnado cun so móbil na casa o que fai bastante difícil a súa conexión. Estes 10, ven as tarefas no Blog de aula e fan as tarefas que envían para a súa revisión a través de imaxes ou escáneos Alumnado sen conectividade: Dos 5 alumnos sen conectividade: dúas traballan mediante videochamada de Whatsapp coa PT, dado que teñen grandes dificultades na comprensión da linguaxe. 1 alumno cun so móbil na casa para compartir co seu irmán, fai o procedemento dos de conectividade, pero as dúbidas respondémolas por chamada. A outra alumna sen conectividade envíanselle a casa as tarefas mediante os servicios sociais do concello.
<b>Materiais e recursos</b>	Os materias e Recursos empregados pódense atopar no blog de aula. Entre eles destacan os vídeos de Youtube, audios, pdf...

## 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para a comunicación das familias, dado que das 15 so dúas tiñan abalar móbil, decidiuse establecer comunicación mediante grupo de Whatsapp. Dentro deste grupo realízanse as comunicación oficiais para todas as familias. Realízanse tamén titorías cos pais mediante chamadas, para resolver dúbidas administrativas e educativas.
<b>Publicidade</b>	Será publicado na páxina web